

# PAISAXES HERDADAS PAISAXES CONSTRUIDAS PAISAXES VIVIDAS

A Coruña, 20-22 Xuño 2019

## Introducción

**Que paisaxe queremos?** Esta é a cuestión esencial que deberíamos facernos como sociedade. E dar unha resposta correcta require un compromiso por parte de todos os axentes sociais. Indubidablemente, os redactores do planeamento territorial dos estamentos públicos teñen unha enorme responsabilidade. Cada instancia da administración está chamada a implementar estratexias para o desenvolvemento de medidas efectivas para a protección, xestión e ordenación das nosas paisaxes, e para lanzar políticas baseadas na corresponsabilidade e a gobernanza territorial. A Convención Europea da Paisaxe recórdanos que o noso patrimonio paisaxístico representa un factor decisivo para un desenvolvemento territorial sostenible e para a calidade de vida das comunidades. Ao borde do vixésimo aniversario da Convención Europea, é convinte reflexionar sobre os logros e o camiño que queda por recorrer en termos de planificación e construcción de paisaxes europeas.

A crecente sensibilización cara a paisaxe, resposta dunha sociedade consciente do deterioro -en ocasión irreversible- do seu hábitat, cristaliza conceptual e documentalmente no Convenio Europeo da Paisaxe, que o define, no seu primeiro artigo como “calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos”.

Definición que, como acertadamente apunta Francisco Castillo “nace con unha calculada vocación conciliadora, para dar cabida a todas as miradas”. Abordadas tradicionalmente dende ópticas vinculadas a disciplinas clásicas como a Xeografía, as Ciencias da Terra ou a Ordenación do Territorio, as novas aproximación non poden eludir as dimensíons física, material e obxectiva da paisaxe, senón complementalas, conformando “unha necesaria polifonía a través de proxectos interdisciplinarios que senten os rudimentos dunha “ciencia diagonal”, capaz de garantir o exercicio deste novo dereito a disfrutar dunha paisaxe de calidade”.

“Non se cuestiona -afirma Castillo- a necesidade de que os estudios da paisaxe aborden a análise dos compoñentes e dinámicas de dita configuración física, da súa materialidade e temporalidade concretas, composta de elementos e procesos mentais, de paisaxes cartografables. Sobre todo, na súa deriva máis operativa da xestión territorial. Agora ben, esta obxectividade, imprescindible para cimentar un corpus sólido de coñecemento, debe complementarse coa decodificación dos símbolos e significados que impregnan esa realidade material, ligados ás culturas que ó longo do tempo os produciron. Porque todo isto tamén é paisaxe, que pode chegar a ser obxectivado a través das disciplinas científicas idóneas. Este novo tempo debe sustanciarse nunha participación efectiva de tódolos axentes concernidos”.

Coñecer a paisaxe é basicamente unha maneira de coñecernos a nós mesmos a través del. A paisaxe é a escena das nosas vidas, algo que construímos e que nos constrúe. Como escribiu Azorín, “a paisaxe somos nós...” e a memoria de un territorio non solo se nos manifesta mediante a súa realidade material, senón a través dos valores culturalmente alcanzados no tempo. Ser atrapado pola experiencia emocional é o punto de partida da ensinanza-aprendizaxe da paisaxe. Quizais aquela marabillosa escena que Manuel Rivas recreou no súa obra “A lingua das bolboretas” -cando o vello profesor consegue parar o mundo e os seus estudiantes, cos ollos moi abertos descobren os misterios da natureza-, podería servir como exemplo. A paisaxe cotiá é o único espazo de ensinanza-aprendizaxe e constitúe una marabillosa oportunidade para asentar os cimentos dunha nova cultura do territorio e da paisaxe nas nosas sociedades.

## Contidos

Este Seminario propón unha aproximación multidisciplinar, transversal e converxente que supere as pugnas polo protagonismo institucional e as apropiacións espurias do termo, para axudar a conformar esa necesaria “converxencia de miradas” sobre a paisaxe. Contemplando, ademais dos aspectos territoriais, as dimensións emocionais, afectivas, cognitivas, éticas e estéticas.

Este Seminario estrutúrase e tres bloques ou liñas de reflexión:

**LIÑA 1. PAISAXES HERDADAS.** Propón reflexións en torno á conformación histórica da paisaxe, ós diferentes procesos que se producen na paisaxe: asentamentos, migracións, transformacións, cultivos, abandonos, cambios de uso, etc. A identidade da paisaxe e como analizar os efectos da explotación e do cambio climático sobre os ecosistemas e recursos naturais. A explotación económica como axente de transformación.

**LIÑA 2. PAISAXES CONSTRUIDAS.** Constatar a pertinencia do proxecto como ferramenta de xestión da paisaxe, así como as dinámicas cíclicas de construcción e destrucción da paisaxe. A influencia das grandes infraestruturas na articulación e modelado do territorio, as estratexias para a rexeneración paisaxística.

**LIÑA 3. PAISAXES VIVIDAS.** Entender a paisaxe como substrato e como experiencia da actividade humana, da percepción do hábitat e da intervención. Integrar filosofía, arte e teoría da paisaxe na educación da paisaxe.

## Obxectivos

Galicia é unha terra fértil, tamén nas súas paisaxes. A morriña, un sentimento habitualmente asimilado á melancolía, non é senón a nostalxia da paisaxe galega, nitidamente expresado no célebre poema de Rosalía “Adiós ríos, adiós fontes...”. E esta sensibilización, expresada tanto na poesía como na pintura de Lloréns e Lugrís ou na cartografía de Domingo Fontán, materializouse en tempos moi recentes no impulso de novas iniciativas, tanto no plano educativo coma no normativo. Ó fío del, estanse seguindo actuacións medioambientais de gran impacto, como as de recuperación das minas de As Pontes e Meirama, ao tempo que hai unha crecente demanda social para a rexeneración das rías e dos montes, ecosistemas delicados e sometidos a continuas e devastadoras catástrofes ecológicas. É necesaria a reflexión colectiva, científicamente interdisciplinar e coa necesaria implicación da cidadanía, co obxectivo de asentar no imaxinario cidadá o compromiso colectivo na acaída construción das nosas paisaxes.

A promulgación, en xullo de 2008, da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia supuxo un impulso normativo de grande alcance, ó establecer instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe tales como os Catálogos e as Directrices da paisaxe ou os Plans de acción en áreas protexidas -entre outros-, cuxo valor, oportunidade, eficacia e repercusión serán analizadas dentro do Seminario.

Por outra parte, a incorporación de materias e materiais específicos para o estudio da paisaxe, a través do ProxectoTerra, nas ensinanzas obligatorias, e a recente implantación do Grao Interuniversitario en Paisaxe por parte das Universidades da Coruña e Santiago de Compostela, busca reveter unha indesexable situación de desapropiación da paisaxe por parte dunha sociedade sometida a recentes convulsións históricas e sociais, que propiciaron en gran parte o abandono e menosprezo a un ben, por outra parte, intimamente vinculado ó carácter e a memoria do pobo galego.

Os obxectivos do Seminario son, por tanto, os de expor, comunicar e contratar estes recentes logros e actividades, tanto en materia normativa como educativa, entre Galicia e os territorios do noso entorno europeo.

## Estrutura e programa xeral

O seminario levarase a cabo durante tres días, do 20 ó 22 de xuño de 2019, no edificio no Museo de Belas Artes da Coruña. Ó ser un Seminario Internacional en Ruta de UNISCAPE (Rede Europea de Universidades para a implantación do Convenio Europeo da Paisaxe). Os idiomas admitidos serán o español e o inglés, e as presentacións das notas dos oradores seleccionados desenrolaranse a partir dunha convocatoria de resúmes coordinada polo comité científico.

## Calendario e programa

Xoves 20 Xuño

*Mañá · Reitorado da Universidade da Coruña*

---

**09:30-10:00** **Recepción de representantes UNISCAPE**  
D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña

**10:00-13:00** **Asemblea Xeral UNISCAPE**

*Tarde · Museo de Belas Artes, A Coruña*

---

**13:00-14:30** **Acreditacións**  
Recepción e acreditación de participantes ó seminario EN-ROUTE  
**14:30-15:00** **Benvida e Presentación do Seminario**

### LIÑA 1: PAISAXES HERDADAS

**15:00-15:30 Presentación 1:** **“A PAISAXE COMO HERDANZA”**  
**Juan Manuel Palerm Salazar.** Dr. Arquitecto, Catedrático de Proxectos Arquitectónicos, ULPGC  
Presidente de UNISCAPE  
Director do Observatorio da Paisaxe das Illas Canarias

**15:30-16:00 Presentación 2:** **“EDUCACIÓN NO PATRIMONIO E NAS PAISAXES SOSTIBLES”**  
**Ramón López Facal,** Profesor Titular de Universidade de Didáctica das Ciencias Sociais, Universidade de Santiago de Compostela

**16:00-16:30 Presentación 3:** **“ESTRATEGIAS PARA REINVENTAR PAISAXES ESTRATIFICADAS”**  
**Tessa Matteini.** Dra. Arquitecta, Profesora de Arquitectura da Paisaxe, Universidade de Florencia. Directora de UNISCAPE

**16:30-17:00** **Pausa - café**

**17:00-17:15 Intervención:** **Juan Manuel Palerm (Moderador)**

**17:15-17:30 Presentación 4:** **“A POLÍTICA PROTUGUESA PARA A ARQUITECTURA E A PAISAXE: Primeiros proxectos en educación”**  
**Rui Florentino,** Escola Superior Gallaecia, Vila Nova de Cerveira, Portugal

**17:30-17:45 Presentación 5:** **“SOBRE IDENTIDADE – Ou como descodificar as paisaxes herdadas a través dos vínculos interxeneracionais. O proxecto educativo VEDRA MEDRA”**  
**Xulia Marqués,** High School Teacher and advisor at Xunta de Galicia.

**17:45-18:00 Presentación 6:** **“ARQUITECTURAS PARA O CAMPO. As granxas coma nova ferramenta de transformación para a paisaxe rural en Cerdeña”**  
**Roberto Sanna,** Universidade de Cagliari, Cerdeña, Italia

**18:00-18:15 Presentación 7:** **“PAISAXES CULTURAIS E MODELOS DE XESTIÓN EN A VEIGA”**  
**Lucía Santiago,** Universidade de Vigo  
**David Fontán,** Universidade de Santiago de Compostela

**18:15-18:45** **MESA DEBATE**

**Venres 21 Xuño**

*Mañá · Museo de Belas Artes, A Coruña*

## LIÑA 2: PAISAXES CONSTRUÍDAS

<b>09:30-10:00</b>	<b>APERTURA OFICIAL DO SEMINARIO</b> Ángeles Vázquez. Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda Julio Abalde. Rector da Universidade de A Coruña Juan Manuel Palerm. Presidente de UNISCAPE Cristóbal Crespo. Representante do COAG, Director do Seminario
<b>10:00-10:30 Presentación 1:</b>	<b>"A PAISAXE COMO OBXECTO DO PLANEAMENTO E XESTIÓN EN GALICIA. A RESPONSABILIDADE SOCIAL"</b> Manuel Borobio Arquitecto, Profesor Asociado no Departamento de Xeografía na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.
<b>10:30-11:00 Presentación 2:</b>	<b>"CINCO PUNTOS SOBRE ARQUITECTURA DA PAISAXE"</b> Anna Lambertini. Dra. Arquitecta, Profesora de Arquitectura da Paisaxe, Presidenta do Máster en Arquitectura da Paisaxe, Universidade de Florencia.
<b>11:00-11:20 Presentación 3:</b>	<b>"ESCOLA GALEGA DA PAISAXE. RECONSTRUÍR PAISAXES"</b> Isabel Aguirre. Arquitecta, Directora da Escola Galega da Paisaxe - Fundación Juana de Vega.
<b>11:20-11:40 Presentación 4:</b>	<b>"O GRAO EN PAISAXE. AUGA, PEDRA E MEMORIA: MATERIALIZACIÓN DUNHA IDENTIDADE"</b> Cristina García, Dra. Arquitecta, Profesora de Urbanística e Paisaxe. Universidade da Coruña. Coordinadora do Grao en Paisaxe.
<b>11:40-12:00</b>	<b>Pausa - café</b>
<b>12:00-12:15 Intervención:</b>	<b>Manuel Borobio (Moderador)</b>
<b>12:15-12:30 Presentación 5:</b>	<b>"EDUCACIÓN EN ARQUITECTURA DA PAISAXE EN EUROPA"</b> Luigi Latini, Viola Corbari. Fondazione Benetton Studi e Ricerche.
<b>12:30-12:45 Presentación 6:</b>	<b>"DENDE O PATIO Ó BARRIO DA RIBEIRA DOS PEIRAOSES, PONTEVEDRA. UNHA HISTORIA DE TRANSFORMACIÓN"</b> Humberto Martínez, Profesor do IES Sánchez Cantón.
<b>12:45-13:00 Presentación 7:</b>	<b>"REXENERACIÓN URBANA SOSTIBLE NO USO DAS VÍAS FÉRREAS ABANDOADAS EN SEÚL"</b> Sung-Kyun Kim, Seoul National University, Korea
<b>13:00-13:30</b>	<b>MESA DEBATE</b>
<b>13:30-15:00</b>	<b>Xantar</b>

Tarde · Museo de Belas Artes, A Coruña

## LÍNEA 3: PAISAXES VIVIDAS

- 15:00-15:30 Presentación 1:** “**NOROESTE IBÉRICO: PAISAXES TRANSXÉNICAS**”  
Álvaro Domingues, Doutor en Xeografía, Profesor da Facultade de Arquitectura da Universidade do Porto.
- 15:30-16:00 Presentación 2:** “**PAISAXES EN MOVIMENTO. Repensar os lugares mediante os corredores sociais e a conectividade social, proxecto URBINAT**”  
Marco Acri, Universidade de Nova Gorica, Eslovenia.  
Sasa Dobricic, Universidade de Nova Gorica, Eslovenia.
- 16:00-16:30 Presentación 3:** “**A EXPERIENCIA GALEGA NA EDUCACIÓN DA PAISAXE. UNHA OPORTUNIDADE DE CAMBIO**”  
Francisco Castillo, Doutor en Xeografía, Especialista en Clima e Paisaxe.
- 16:30-17:00** Pausa – café
- 17:00-17:15 Intervención:** Álvaro Domingues (Moderador)
- 17:15-17:30 Presentación 4:** “**IFLA EUROPA. Principais ideas en Educación Superior en Europa**”  
Margarida Cancela d'Abreu. IFLA Europe.
- 17:30-17:45 Presentación 5:** “**PAGUS. TRABALLANDO COA PAISAXE EN SECUNDARIA**”  
Alberto Fortes. Arquitecto, Profesor no IES Urbano Lugrís. Coordinador do ‘ProxectoTERRA’.
- 17:45-18:00 Presentación 6:** PRESENTACIÓN DE COMUNICACIONES SELECCIONADA
- 18:00-18:15 Presentación 7:** CONFERENCIA ECLAS UNISCAPE OSLO 2019 NORUEGA  
Presentación en vídeo. Shelley Egoz. Universidade Noruega de Ciencias
- 18:30-19:00** CONCLUSIÓN. RESUMO DO SEMINARIO E CLAUSURA

## Sábado 22 Xuño

---

*Ría de Ferrol – Mugardos – Valdoviño - San Andrés de Teixido*

### ACTIVIDADE: INTERCAMBIOS TERRITORIAIS

09:30	Saída en autobuses destino a Ferrol
10:15	Chegada ó peirao de Curruxreira en Ferrol
10:30-11:30	Paseo en barca pola ría de Ferrol (paseo comentado)
11:30-12:30	Visita guiada ó Castelo de San Felipe
13:00	Regreso ó peirao de Curruxreira
13:15	Autobús destino Costa de Valdoviño
14:00-15:30	Xantar na costa
15:30-19:00	Visita guiada pola costa de Valdoviño-Santo André de Teixido
20:00	Chegada A Coruña

## Convocatoria de Resumes

A Convocatoria de resumes ábrese o 25 de febreiro de 2019. Os resumes deben enviarse ao enderezo [en-route.coruna2019@uniscape.eu](mailto:en-route.coruna2019@uniscape.eu) ou a través do sitio web, na sección correspondente á convocatoria de comunicacóns. Os idiomas aceptados serán o castelán e o inglés. O resumo debe facerse mediante o modelo dispoñible no sitio web.

Os resumes e traballos presentados deben cumplir cos criterios da convocatoria de comunicacóns, e deben centrarse nunha das tres liñas temáticas.

Os autores de resumes seleccionados poderán participar, de acordo cos criterios do comité científico, nos discursos e debates de cada sesión temática. En cada sesión haberá varios oradores principais, profesores das Universidades da Coruña e Santiago de Compostela e outros investigadores e profesionais invitados, tanto nacionais como internacionais.

Independentemente de si a os autores seleccionados se lles solicite ou non que presenten os seus traballos durante o seminario, poderán ser utilizado para a publicación do Seminario.

- Apertura da <b>Convocatoria de resumes</b>	<b>25 de Febreiro de 2019</b>
- <b>NOVA Data límite para envío de resumes</b>	<b>22 de Abril de 2019</b>
- Comunicación de <b>aceptación de resumes</b>	<b>30 de Abril de 2019</b>
- Data límite para <b>envío de comunicacións</b>	<b>31 de Maio de 2019</b>

Os resumes seleccionados deberán estar rexistrados para o Seminario e ter pagada a cota de inscrición dentro dos 15 días despois de ter recibido a comunicación de aceptación do seu resumo, con data límite o 31 de maio de 2019.

O envío de comunicacións supón a aceptación das condicións da convocatoria e a cesión de dereitos para a súa publicación e difusión.

## Lugar

### MUSEO DE BELAS ARTES de A Coruña

Rúa Zalaeta s/n 15002 A Coruña

A Asemblea Xeral de UNISCAPE terá lugar en:

### Edificio do Reitorado da UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Rúa Maestranza, 9 15001 A Coruña

## Participantes

O seminario está dirixido a profesorado e estudiantes de tódolos niveis educativos, posgraduados nacionais e internacionais e ós diferentes membros e asociados de ITLA e UNISCAPE, así como a tódolos profesionais, académicos, estudiantes, así como á cidadanía que desexen compartir e ampliar os seus coñecementos sobre a paisaxe, o seu proxecto e a súa vivencia, contrastando as súas experiencias a través das aportacións que se realizarán nos discursos das diferentes sesións temáticas.

## Cotas de inscrición

Cotas de inscrición	ata 31 Maio 2019	do 1 ó 15 de Xuño 2019
Cota xeral	125 €	150 €
Cota reducida (Membros de UNISCAPE, COAG, estudiantes y profesores)	85 €	125 €

A cota inclúe o xantar dos días 21 e 22, a actividade e traslados do sábado 22, tour e os materiais do Seminario.

As prazas están limitadas a 120 participantes rexistrados.

**A Universidade da Coruña entregará un certificado oficial a os participantes inscritos e que asistan ó Seminario coa acreditación correspondente de ter participado nun curso de 20 horas.**

As persoas que desexen inscribirse no seminario deberán rexistrarse utilizando o formulario en liña disponible no seguinte [ENLACE](#).

O inicio do período de inscrición será o 25 de Febreiro de 2019.

- Data límite para a inscrición      ***15 de Xuño de 2018***

Para calquera dúbida ou aclaración, poden poñerse en contacto por correo electrónico en:

[en-route.coruna2019@uniscape.eu](mailto:en-route.coruna2019@uniscape.eu)

## COMITÉ CIENTÍFICO

### Coordinación

<b>Cristóbal CRESPO</b>	Universidade da Coruña, España, COAG
<b>Juan I. PRIETO</b>	Universidade da Coruña, España
<b>Soledad BUGALLO</b>	ProxectoTERRA, IES Elviña, A Coruña, España

### Membros

<b>Juan Manuel PALERM</b>	Presidente, Universidad de Las Palmas de Gran Canaria, España
<b>Sasa DOBRICIC</b>	Universidade de Nova Gorica, Eslovenia
<b>Claudia CASSATELLA</b>	Universidade Politécnica de Turín, Italia
<b>Tessa MATTEINI</b>	UniversidadE degli Studi de Florencia, Italia
<b>Margherita VANORE</b>	IUAV Universidade de Venecia, Italia
<b>Bas PEDROLI</b>	Universidade Wageningen, Holanda
<b>Rita OCCHIUTO</b>	Universidade de Liège, Bélgica
<b>Francisco CASTILLO</b>	IES Ricardo Carballo Calero, Ferrol, España
<b>Manuel BOROBIO</b>	Universidade de Santiago de Compostela, España
<b>Emilio RODRÍGUEZ</b>	Universidade da Coruña, España
<b>Jorge RODRÍGUEZ</b>	Universidade da Coruña, España
<b>Cristina GARCÍA</b>	Universidade da Coruña, España
<b>Ramón LÓPEZ</b>	Universidade de Santiago de Compostela, España

## ORGANIZAN



## COLABORAN



XUNTA  
DE GALICIA



INSTITUTO  
DE ESTUDOS DO  
TERRITORIO



MUSEO  
DE BELAS ARTES  
DA CORUÑA



UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



Arquitectura  
Sin Fronteras



## COORDINAN

